

ACTA REUNIÓN C.O.C.

13 de febreiro de 2025

Sendo ás 10:30 horas do xoves, 13 de febreiro de 2025, reúnese a Comisión Organizadora do Congreso Local do Barco de Valdeorras, coa asistencia das seguintes persoas, quedando constituída como tal:

PRESIDENTE:	Don Miguel Ángel Viso Diéguez.
VICEPRESIDENTA:	Dona Cristina Isabel Romero Fernández.
SECRETARIO:	Don Francisco Fernández Padín.
VOGAIS:	Don Alejandro Pérez Martínez. Dona Adriana Álvarez Delgado.

Pasando a tratar os puntos que seguen:

1.- Aprobación do censo definitivo de afiliados/as do Partido Popular de O Barco de Valdeorras.

Preséntase polo presidente desta comisión a listaxe de afiliados/as do Partido Popular do Barco de Valdeorras pechada a data de 28 de xaneiro de 2025, segundo o establecido no artigo 5º do Regulamento do Congreso Local Ordinario e que ascende a un número de 610 persoas.

Quedando **aprobado por unanimidade** dos presentes este punto da orde do día.

2.- Proclamación dos/as candidatos/as á presidencia do PP de O Barco de Valdeorras.

O artigo número 6 do Regulamento do Congreso Extraordinario do Partido Popular do Barco



de Valdeorras, establece:

Poderán ser candidatos/as á Presidencia Local do Partido Popular do Barco de Valdeorras, todos/as os/as afiliados/as do Partido Popular en O Barco de Valdeorras que se atopen ao corrente no pagamento das súas cotas, que non se atopen suspendidos de afiliación e que cumpran co resto das obrigas estatutarias. Ademais, será necesario ter unha antigüidade mínima como afiliado/a de 12 meses.

Para ser proclamado candidato/a á Presidencia Local do Partido, o/a candidato/a deberá ser avalado, alo menos, por 5 afiliados/as que se atopen ao corrente de pagamento das cotas, segundo o establecido no artigo 5.3 do presente Regulamento. (Artigos 20.5, 10.4. e 3.6 R.M.C.).

Os avais terán que formalizarse no modelo oficial que a tal efecto elaborará a Comisión Organizadora e estarán a disposición dos/as afiliados/as a partir da convocatoria do Congreso Local.

A presentación da candidatura á Presidencia Local deberá formalizarse diante da Comisión Organizadora, non máis tarde das 20.00 horas do día 12 de febreiro de 2025. (Artigo 21.b. R.M.C.).

Rematado o prazo para presentar a candidatura á Presidencia Local, a Comisión Organizadora, unha vez comprobado que as candidaturas presentadas reúnen os requisitos esixidos e verificada a validez dos avais, procederá a proclamar aos/ás candidatos/as e a convocar a campaña electoral interna.

Presentáronse diante desta comisión organizadora as candidaturas que seguen:

Primeira e única: Encabezada por dona María Inmaculada Rodríguez García e apoiada por 7 afiliados/as do Partido Popular de Ourense.

Esta Comisión Organizadora do Congreso Local do Partido Popular do Barco de Valdeorras, **ACORDA** por unanimidade:

Proclamar candidata única á presidencia local do Partido Popular do Barco de Valdeorras a doan María Inmaculada Rodríguez García e dar por convocada a campaña electoral interna que se desenvolverá desde ás 00:00 horas do 14 de febreiro de 2025 e ás 24:00 horas do 23 de febreiro de 2025.



3.- Lugar de celebración do Congreso e Horario do mesmo.

Tal e como se establece no artigo do Regulamento do Congreso Extraordinario do Partido Popular do Barco de Valdeorras:

De conformidade co establecido nos vixentes Estatutos do Partido Popular e no Regulamento Marco de Congresos (en adiante, R.M.C), mediante Acordo adoptado polo Comité Executivo Provincial na súa reunión de data 28 de xaneiro de 2025, convócase a celebración do Congreso local do Partido Popular do Barco de Valdeorras, que terá lugar o día 6 de marzo de 2025, no Barco de Valdeorras.

O horario, así como a programación concreta do Congreso, serán elaborados pola Comisión Organizadora. e serán publicadas na páxina web do Partido Popular de Ourense á maior brevidade posible.

Esta Comisión Organizadora **ACORDA**, por unanimidade dos seus membros que este **congreso local se desenvolva na “Casa do Río Cigüeño”**, Calle de Lugo, 3, Barco de Valdeorras (O), <https://maps.app.goo.gl/sNeKPqckKSgTCQWL9>.

O horario oficial de desenvolvemento do Congreso, será:

19:30 Constitución do Congreso Local, proposta e votación da Mesa do Congreso

19.35 Aprobación do Regulamento do Congreso Local do Partido Popular do Barco de Valdeorras e votación.

19:40 Lectura da acta de proclamación da candidatura. Intervención da candidata, Inmaculada Rodríguez.

19.55 VOTACIÓN E ESCRUTINIO

20.15 Comunicación de resultados e proclamación da candidatura electa

CLAUSURA

Intervención da PRESIDENTA ELECTA DO PARTIDO POPULAR DO BARCO DE VALDEORRAS, INMACULADA RODRÍGUEZ.

Intervención do PRESIDENTE DO PARTIDO POPULAR DE OURENSE, LUIS MENOR PÉREZ.